

# FALESCEU DOÑA VIRXINIA PEREIRA DE CASTELAO

O cable trouxo a tristeira nova: finou Dona Virxinia!

Falesceu o día 23 do xaneiro ppdo. en Madrid, lonxe de Galiza, onde se achaba ocasionalmente, arrodeada do afecto de familiares e amigos.

A colectividade galega recibeu a noticia con fonda dor, xa que era moito o agarimo e o respecto que sentía por esta nobre muller que con tanta diñidade mantiña a lembranza do seu ilustre esposo.

Dona Virxinia foi o prototipo da compañeira ideal de Castelao. Foi no en vida, a cada intre, no infortunio e na esperanza, identificada entranabelmente coa obra do artista, do guieiro, posta ó servizo do seu povo.

Fai un tempo viaxou á Terra co gallo de asistir á publicación dunha serie de "Estampas de negros" de

Castelao, feitas ó seu paso por Cuba e Nova York, e que saíran axiña do prelo a cárrego da Editorial Galaxia de Vigo.

Dona Virxinia chegou a Bos Aires, na compañía do seu esposo, como esilados por mor da guerra civil hispañola, no ano 1940, e, dende a desaparición de Castelao —7 de xaneiro do 1950— constituíuse no seu fidel custodio, non só das cousas que fan á vida fecunda e groriosa do grande patriota, senón dos restos corporais que agardan no panteon do Centro Galego de Bos Aires, o día do regreso definitivo á Terra, á Patria Galega pola que tanto loitou e sofreu.

Agora, Dona Virxinia, xa non estará eiqui, entre nós, na Galiza Ideal, no agarde do intre sinalado... que está aló na Terra, esperándoo...